CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacóns básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún dos pasos da muiñeira, algúns elementos característicos do vestiario do baile tradicional galego e nomea algúns dos instrumentos tradicionais que adoitan interpretala.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA4.2 - Expressar con creatividade ideas, sentimientos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimientos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> </ul>

## Contidos

- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos más característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

## 4.1. Concreciones metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecimento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgúns cuestións a tratar ao longo deste último nivel do 2º ciclo e do resto da etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

-consciencia e colocación da postura corporal

-respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a frauta doce

-notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia

-fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

-dixitación das notas traballadas na frauta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

-recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas

-vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso

-ligazóns de interese relacionadas coa materia

-outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reproducción audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.

Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: Aula Virtual
Frauta doce
Cartafol con aneis
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas, pois esta compártese coa materia de Ciencias Sociais en inglés. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo específicamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reproducción auditiva.

O/s micrófono/s, pé/s de micro e cableado empregarase para a gravación de producións do alumnado e material de soporte do profesorado.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestiós, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (frauta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1<sup>a</sup> e/ou 2<sup>a</sup> sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é más coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/canciós/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa frauta.

-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da lingua musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e

interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>21</b>	<b>24</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	20	20	0	<b>12</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	80	80	100	<b>88</b>

### Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

En relación a avaliação dos procesos de aprendizaxe do alumnado, esta será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto. Non valorarei tanto os resultados como os procesos levados a cabo na aprendizaxe. Así a participación axeitada no grupo, a atención na clase, o compañeirismo, o diálogo, o respecto ás normas, aos compañeiros e á mestra, o esforzo, a responsabilidade no traballo...serán valores fundamentais na materia de Música.

- Os días que teñan clase de música, os vosos fillos/as deben traer:
- Estoxo co material correspondente
- Axenda (os cursos que a teñan)
- Libreta de pentagramas ou libro de Música; segundo o curso
- Frauta doce (4º, 5º e 6º. 3º de primaria a partir do segundo trimestre)

Aqueles alumnos/as con problemas físicos ou de fonación dalgún tipo deben notificalo a efectos de recibir unha Educación Musical acorde ás súas posibilidades. No caso de que teñan algúnhha certificación ou informe médico, teñen que remitir unha copia ao mestre de Educación Musical.

- Os criterios de avaliação que se van a empregar á hora de valorar ao alumno/a engloban catro aspectos:
- A actitude ante a materia que se medirán a través da observación directa do alumnado e supondrá o 30% da nota.

Esta puntuación fai referencia a:

1. Participación activa na clase
2. Colaboración e cooperación
3. Respeto aos compañeiros/as e á mestra
4. Uso correcto do material; tanto propio como do aula

- A aptitude do alumnado que se medirá a través da observación directa dos exercicios realizados ao longo das clases. Neste apartado englobase o interese posto na realización de pequenas investigacións na casa como traballo voluntario, a ilusión coa que se afronta a asignatura e o traballo na clase, entre outros. Este aspecto aportará o 30% da nota.

- Os conceptos en relación aos contidos propios da materia. Supoñen o 30% da nota
- A asistencia suporá un 10 % da nota global de cada avaliación.

1. As faltas sen xustificar e as faltas de puntualidade, implicarán unha baixada na calificación final de cada avaliación.

2. Máis de 4 faltas xustificadas por enfermidade ou lesión, suporán a exención da parte que non viu nesa avaliación e a realización dunha proba teórica ou dun traballo sobre os contidos da asignatura para poder calificar ao alumno/a.

3. Os xustificantes débense traer na axenda escolar, asinados polos pais ou titor do alumno/a. Sempre que sexa por enfermidade deben ir acompañados dun xustificante médico. Se a enfermidade ou lesión do alumno/a vai impedir que realice as clases durante máis dun mes, deberase traer un certificado médico oficial.

4. Os xustificantes entregaranse á mestra de Educación Musical

A nota da 3<sup>a</sup> avaliación e a final serán a mesma; xa que entendemos que, na materia de Música e Danza, os conceptos son sumativos (non independientes). Por isto, consideramos a avaliación como continua, como un cómputo xeral de todas as avaliacións anteriores.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagógicas, isto será o que prevalecerá.

#### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperarlos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo más ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de lingua musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia

desta materia no que á avaliación contínua se refire.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe más rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grañas de maior tamaño; priorización dalgúnha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacusíco, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarllles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construcción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Percusión corporal	Obradoiro de percusión corporal no 1º trimestre no centro.			
Concerto didáctico	Concerto didáctico no 2º trimestre no salón de actos e para todo o 2º ciclo, relacionado co traballado na UD4.			
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP.			
Coreografía tradicional galega	Montaxe dunha danza tradicional galega con posible obradoiro no centro.			

**Observacións:**

O obradoiro de danza tradicional galega está concibido para, anteriormente a este realizar un pequeno concerto didáctico de música e danza tradicional galega para 1º primaria, e, posteriormente ao obradoiro con 3º primaria, realizar outro obradoiro para 5º primaria.

Sobre o concerto didáctico, como este está dirixido a todo o ciclo, sería interesante alternar e que un curso fose de música moderna e o seguinte fose de jazz ou outros estilos.

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

### **Indicadores de logro**

Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
Apoouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### **Descripción:**

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluirase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluiranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluirán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eíquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo

do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

### 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

### 2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.  
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

#### Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos más significativos dos traballos realizados.

#### En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

### 3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

A nota da 3<sup>a</sup> avaliación e a final serán a mesma; xa que entendemos que, na materia de Música e Danza, os conceptos son sumativos (non independientes). Por isto, consideramos a 3<sup>a</sup> avaliación dentro do proceso da evaluación continua, como un cómputo xeral de todas as avaliacións anteriores.

## 9. Outros apartados